

REGULAMENTO DO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
(APROBADO NO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 29 DE XULLO DE 2015)

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Definición e finalidade

O Servizo Universitario de Residencias (SUR), segundo o artigo 154 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, é un servizo de asistencia á comunidade universitaria que proporciona aloxamento ao estudiantado e demais membros da comunidade universitaria, de xeito que se promova a súa formación integral e que contribúa a reducir a desigualdade de oportunidades por motivos económicos para o acceso e a permanencia na Universidade. Tamén lles poderá proporcionar aloxamento a outras persoas que, sen pertencer á Universidade, tomen parte en actividades por ela organizadas.

Así mesmo poderá aloxar ás persoas que se determinen en convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas ou aquelas que o soliciten para actividades que, o vicerreitor ou vicerreitora que teña delegada a competencia do SUR, autorice.

Artigo 2. Centros

As residencias universitarias e os colexios maiores que conforman o SUR teñen carácter mixto, carecen de personalidade xurídica propia diferenciada da USC e son:

No Campus de Santiago de Compostela:

- Colexio Maior Fonseca
- Colexio Maior Rodríguez Cadarso
- Colexio Maior San Clemente
- Residencia Universitaria Burgo das Nacións
- Residencia Universitaria Monte da Condesa

No Campus de Lugo

- Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay

Artigo 3. Normas de aplicación

O SUR réxese polo disposto nos Estatutos da USC, polo presente Regulamento e polas normas de réxime interno que, respectando as dúas anteriores, se poidan adoptar, de ser o caso, en cada centro, que serán aprobadas pola vicerreitoría con competencias no SUR (en adiante a vicerreitoría).

TÍTULO PRIMEIRO: DOS/DAS RESIDENTES E COLEXIAIS/COLEXIALAS

Artigo 4. Dereitos

Recoñécense como dereitos de residentes e colexiais/colexialas:

- O aloxamento durante o curso académico en condicións dignas e adecuadas á condición universitaria.
- O goce e utilización dos servizos, instalacións e equipamento comúns do centro no que se aloxe e nas condicións que nel se establezan.
- A iniciativa, participación e asistencia ás actividades sociais, culturais e deportivas que se realicen no centro no que residan.
- Formar parte dos Consellos de Residentes ou Colexiais de acordo coas disposicións deste Regulamento.
- Recibir información relacionada con calquera cuestión que atinxa á súa estancia na residencia ou colexio maior.
- A liberdade de entrada e saída do centro no que resida.
- Formular ante a dirección as iniciativas, suxestións e reclamacións que consideren oportunas.
- Recibir as honras e distincións que correspondan.

Artigo 5. Honras e distincións

Segundo o procedemento que se estableza en cada residencia ou colexio maior, poderán concederse as seguintes honras e distincións:

- a) A banda colexial: que terá carácter honorífico
- b) A insignia da Residencia ou Colexio Maior: outorgarase ao estudantado que participara nas actividades do centro e que reúna méritos relevantes.

Artigo 6. Deberes

Son deberes dos/das residentes e colexiais/colexialas:

- Cumprir o presente Regulamento, as normas establecidas nas convocatorias de prazas que se realizan anualmente, de ser o caso as normas de réxime interno, e as instrucións que na súa aplicación estableza a súa dirección.
- Gardar respecto e consideración aos demais residentes e colexiais/colexialas e ao persoal do centro, así como a calquera outra persoa que estea vinculada ou se atope nel.
- Residir habitualmente na praza adxudicada e manter o cuarto e o seu mobiliario en bo estado.
- Facilitar o acceso ao persoal encargado dos servizos de limpeza, de conserxería, de seguridade, de mantemento e a calquera persoal autorizado pola USC.
- Asistir ás reunións dos Consellos para os que foron elixidos .
- Manter os cuartos e demais espazos comúns en condicións de habitabilidade facéndose responsables do equipamento do centro.
- Respectar os dereitos das persoas aloxadas nos centros, as normas de convivencia e o silencio tanto diúrno como nocturno.
- Satisfacer puntualmente as cotas mensuais correspondentes ao pagamento da estancia.

Artigo 7. Pagamento de cotas

O SUR é un servizo complementario da educación superior, e require que os/as residentes e colexiais/colexialas aboem nos prazos establecidos as cotas que lles correspondan.

O non pagamento inxustificado ou o atraso reiterado no aboamento das cotas terá como consecuencia, ademais da incautación da fianza e a reclamación das cantidades pendentes de aboar, a cesación na prestación do servizo e, polo tanto, a perda automática da condición de residente ou colexial/colexiala dende que lle sexa notificada esta circunstancia.

Os/As residentes e colexiais/colexialas que no momento de apertura do prazo de presentación de solicitudes de ingreso teñan pendente de pagamento algunha cota de aloxamento, sexan reincidentes sen causa xustificada no atraso nos pagamentos, ou manteñan calquera outra débeda relacionada coa USC non poderán ser readmitidos.

TÍTULO SEGUNDO: ADMISIÓN E RENOVACIÓN DE PRAZAS

Artigo 8. Convocatoria anual

O Consello de Goberno, con carácter previo á convocatoria de prazas de aloxamento para cada curso académico, decidirá:

- O número de prazas reservadas a cada sector da comunidade universitaria.
- Os prezos que propondrá ao Consello Social da Universidade.
- O número de prazas subvencionadas.
- Os requisitos de acceso para os supostos de nova admisión e readmisión.
- Os baremos para avaliar as solicitudes.

Artigo 9. Avaliación de solicitudes

Na convocatoria de prazas de aloxamento para cada curso académico estableceranse os criterios e as puntuacións para a avaliación das solicitudes.

Artigo 10. Discrepancia nos datos facilitados

A falsificación ou omisión de datos ou a consignación de datos que non sexan reais determinará automaticamente a perda da condición de residente ou colexial/colexiala. En tanto non se verifiquen completamente os datos consignados na solicitude, a adxudicación da praza terá carácter provisorio, de tal xeito que o vicerreitor ou vicerreitora que teña delegada a competencia nesta materia (en adiante o/a vicerreitor/a), deberalles notificar ás persoas ás que se lle comprobasen discrepancias entre os datos declarados e os reais, a resolución de que abandonen o centro.

Artigo 11. A Comisión de Garantías

A Comisión de Garantías poderá eximir, de ser o caso, dos mínimos académicos ou de calquera outro requisito esixido na convocatoria de prazas, así como reconsiderar a cota asignada ou o centro adxudicado, a quen, en supostos excepcionais e por causas debidamente acreditadas de enfermidade, situacións familiares especiais ou outras causas extraordinarias que se poidan apreciar, o solicite.

A Comisión estará composta polos seguintes membros:

- O/A vicerreitor/a, ou persoa en quen delegue, quen a convocará e presidirá

- O/A coordinador/a do SUR
- O/A xefe/a do servizo administrativo que teña encomendada a xestión do SUR, ou persoa que designe, que actuará como secretario/a.
- Tres directores e tres membros do Consello de Residentes ou Colexiais/las, designados por sorteo, que representen aos seis centros do SUR.

Poderán asistir como asesores as persoas que a vicerreitoría considere necesarias para a adecuada adopción dos acordos.

Tendo en conta as materias tratadas por esta Comisión, que poden afectar á intimidade das persoas, os seus compoñentes deberán gardar o debido sigilo do tratado nas reunións.

Artigo 12. Convocatoria estival

Dado que o prazo de vixencia do aloxamento ofertado na convocatoria se circunscribe ao período abranguido entre setembro e xuño, ou outro que se estableza na convocatoria, o/a vicerreitor/a poderá efectuar, na medida en que o permitan as disponibilidades, unha convocatoria de prazas especial e independente para os meses de verán. A admisión nesta convocatoria non xerará dereitos sobre a convocatoria ordinaria, e, en especial, non xerará dereito á readmisión nela.

TÍTULO TERCEIRO: ÓRGANOS DE FUNCIONAMENTO DO SUR

Artigo 13. Organización

O SUR dependerá organicamente do/a vicerreitor/a.

As funcións de coordinación de todos os centros do SUR estarán encomendadas ao/á coordinador/a do SUR, que dependerá da vicerreitoría competente na materia.

A dirección técnica e administrativa é competencia do/a xefe/a do Servizo que teña encomendada esta xestión quen será o/a encargado/a das funcións de xestión, apoio, asistencia e asesoramento en orde a lograr os fins do SUR.

Baixo a súa dirección estará o persoal de administración e servizos que teña adscrito nas relacións de postos de traballo.

En cada centro do SUR, nos que poderá haber unha subdirección, existirán os seguintes órganos:

- O director ou directora
- O Consello de Residentes ou Colexiais

Sección primeira

Artigo 14. Coordinador ou Coordinadora do Servizo Universitario de Residencias

O coordinador/a do SUR será nomeado/a polo reitor ou reitora da USC e, baixo a dependencia do/a vicerreitor/a, será responsable do funcionamento do SUR.

As súas funcións serán as seguintes:

1. Supervisar que se cumpran as disposicións do presente Regulamento nos diferentes centros do SUR
2. Coordinar os centros e as direccións do SUR.
3. Supervisar a xestión das convocatorias de prazas de cada curso

4. Emitir resolucións internas e instrucións que afecten a todos ou varios centros do SUR
5. Proponer á vicerreitoría a distribución do orzamento entre os centros do SUR
6. Autorizar a celebración de calquera acto extraordinario nos centros do SUR
7. A representación institucional, por designación do/a vicerreitor/a, nos actos dos centros do SUR, nos dos colexios maiores adscritos, e naqueles outros que se considere necesario.

Sección segunda

Artigo 15. Dirección dos centros do SUR

A dirección de cada centro estará constituída polo director ou directora e, de ser o caso, por un/unha subdirector/a.

Artigo 16. O director ou directora

Cada residencia ou colexio maior estará dirixido por un director ou directora, pertencente á comunidade universitaria e que reúna os requisitos establecidos no artigo 71 dos Estatutos da Universidade, que exercerá as funcións de dirección e será responsable do cumprimento das finalidades propias do servizo.

Será nomeado/a e cesado/a polo/a reitor/a, do que informará ao Consello de Goberno.

Artigo 17. Funcións do director ou directora

Serán funcións do director ou directora:

1. Representar ao colexio maior ou residencia.
2. Exercer o goberno do centro, e resolver sobre calquera cuestión que afecte ao seu funcionamento e réxime interno.
3. Velar porque se cumpran as disposicións deste Regulamento e, de ser o caso, da normativa de réxime interno do centro, que será aprobada polo/a vicerreitor/a, e ditar cantas instrucións sexan necesarias para o seu desenvolvemento.
4. Facer a proposta de nomeamento do/a subdirector/a ao/á vicerreitor/a.
5. Facer a proposta de gastos e da execución de previsión orzamentaria ao/á vicerreitor/a, quen os autorizará se o considera oportuno.
6. Convocar e presidir o Consello de Residentes ou Colexiais.
7. Atender a residentes e colexiais/colexialas e resolver sobre cantas iniciativas, suxestións e queixas se lle presenten, así como facilitarlles información sobre as cuestións que afecten á súa estancia no centro.
8. Facer as proposta que considere oportunas de melloras, organización do centro, etc.ao/á vicerreitor/a

Artigo 18. O subdirector ou subdirectora

Para colaborar coa dirección dos centros poderá haber un subdirector/a por centro que será membro da comunidade universitaria e terá a obriga de vivir no centro. Será nomeado e cesado polo reitor.

Serán funcións do subdirector ou subdirectora:

1. Colaborar co director/a no exercicio das súas funcións, velando polo bo funcionamento do centro, baixo a responsabilidade daquel.
2. Substituír ao/á director/a en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.
3. Formar parte do Consello de Residentes ou Colexiais.

Sección terceira

Artigo 19. O Consello de Residentes ou Colexiais

En cada centro existirá un Consello de Residentes ou Colexiais integrado polo/a director/a, quen o presidirá, e, de ser o caso, polo/a subdirector/a, e polos/as representantes dos/das residentes ou colexiais, en número non superior a cinco nos centros de menos de duascentas prazas e de sete nos de máis de duascentas.

Exercerá de secretario do órgano a persoa que designe o director/a.

Artigo 20. Elección de representantes

As eleccións de representantes no Consello serán convocadas polo director/a no primeiro mes de cada curso académico, baseándose nas normas aprobadas pola vicerreitoría correspondente. O tempo da representación circunscribírase á duración do curso académico.

Artigo 21. Réxime de convocatorias e funcións

O Consello de Residentes ou Colexiais reunirse unha vez ao trimestre, agás que algunha circunstancia especial aconselle unha convocatoria extraordinaria ou que o soliciten a metade do membros que forman parte do dito Consello.

Serán funcións do Consello de Residentes ou Colexiais:

1. Ser o órgano de colaboración e de participación dos residentes e colexiais no desenvolvemento das actividades de cada centro.
2. Ser órgano consultivo da dirección nos asuntos relacionados coa vida do centro, así como realizar propostas que afecten a necesidades percibidas neste.
3. Ser oídos na elaboración das normas internas do centro, se as houberse.
4. Programar as diferentes actividades do centro, así como propor a dirección a creación de comisións destinadas á organización dalgunha actividade de interese para os residentes.
5. Ser oído nos supostos de imposición de sancións graves e moi graves aos residentes.
6. Velar polo cumprimento das normas recollidas neste Regulamento, das normas internas e daquelas outras que se poidan aprobar..

TÍTULO CUARTO: RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 22. Réxime

O réxime disciplinario ten como obxectivo garantir un marco de convivencia baseado no respecto á intimidade, integridade e dignidade de todos os/as residentes e colexiais/colexialas

O incumprimento do Regulamento do SUR, das normas internas do centro onde resida e das ordes ou instrucións dos órganos, poderá ser obxecto de sanción, de conformidade co réxime establecido no presente documento.

As faltas cualifícanse en leves, graves e moi graves. A gravidade da falta e a responsabilidade persoal determinarán a sanción aplicable, cuxa imposición será sempre motivada na resolución final que se dite.

Artigo 23. Faltas

Son faltas leves:

- a. Utilizar os servizos comúns e os seus obxectos de forma indebida e fóra do horario establecido.
- b. Infrinxir as normas de convivencia sobre uso, limpeza e hixiene dos espazos comúns e dos cuartos.
- c. Fumar en calquera dependencia do centro, incluídos os cuartos.
- d. A incorrección cos compañeiros e compañeiras, co persoal de administración e servizos, co persoal directivo e con calquera outra persoa que preste servizos no SUR.
- e. Calquera tipo de acto ou conduta que prexudique ou impida o hábito de estudo e descanso e participar en actividades sen coñecemento e autorización da dirección.
- f. Incumprir os demais deberes establecidos neste Regulamento e nas normas internas do centro onde se resida, cando non constituían falta grave.

Son faltas graves:

- a. Non residir habitualmente e sen xustificación na praza adxudicada por períodos superiores a 1 mes.
- b. Incumprir os termos acordados e pactados coa dirección cando esta autorice a realización dalgunha actividade dentro do centro.
- c. Entrar e permanecer nun cuarto alleo sen permiso do seu titular.
- d. Facer uso incorrecta ou abusivamente das dependencias comúns e utilizar os bens mobles e inmobles da residencia ou colexio para fins distintos dos establecidos.
- e. Impedir o desenvolvemento das funcións do persoal do centro ou restrinxir indebidamente o libre acceso dos usuarios ao servizo de aloxamento ou servizos complementarios do centro.
- f. A perturbación grave do estudo e do descanso dos demais residentes e calquera outra alteración reiterada do silencio nocturno.
- g. Ter animais nos cuartos.
- h. A comisión de dúas faltas leves nun curso académico ou de tres en dous.

Son faltas moi graves:

- a. O incumprimento continuado e manifesto das ordes, instrucións ou acordos dos órganos do centro ou da Universidade.
- b. Ceder total ou parcialmente o uso dos cuartos a persoas sen dereito a praza no centro
- c. A realización de actividades dentro ou fóra dos centros do SUR, que supoñan trato humillante ou vexatorio individual ou colectivo que atente contra a dignidade de calquera membro da comunidade residencial ou colexial. Considerarase trato humillante ou vexatorio toda acción ou omisión que supoña descualificación ou discriminación por razón de sexo, culto, etnia, ideas, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- d. Toda intromisión non lexítima na esfera persoal que supoña un atentado contra a honra e a intimidade individuais.
- e. O trato desconsiderado que poida supoñer unha falta de respecto co persoal de administración e servizos, cos membros do equipo directivo, cos residentes e colexiais así como con calquera outra persoa que estea vinculada ou se atope no centro.
- f. A destrución, deterioro intencionado ou subtracción de ben persoais e do Colexio ou Residencia.
- g. Ter, consumir ou traficar, dentro do centro, con droga, estupefacientes ou substancias psicotrópicas
- h. A comisión ou participación, no ámbito do Colexio ou Residencia, en feitos tipificados como delito ou falta no Código Penal.
- i. A comisión de dúas faltas graves nun curso académico ou de tres en dous.

Daquelas condutas que puideran considerarse constitutivas de delitos ou faltas tipificadas no código penal, darase traslado ao Ministerio Fiscal.

Artigo 24. Tipos de sancións

Sen prexuízo das medidas que puideran substanciarse contra o estudantado que lesione dereitos susceptibles de protección e da restitución á situación anterior á realización dos feitos sancionables co pagamento, de ser o caso, dos gastos ocasionados como consecuencia da comisión de calquera dos feitos descritos como faltas no presente regulamento, as sancións que se lle poderá impoñer son:

- a. No caso de comisión de faltas leves:
 - o Apercibimento.
 - o Suspensión do dereito á utilización dos servizos comúns durante 1 mes.
- b. En caso de comisión de faltas graves:
 - o Suspende, no exercicio dos dereitos como residente, a utilización dos servizos comúns durante o cuadrimestre no que se cometeu a falta.
 - o Traslado de centro durante o curso académico no que se cometeu a falta e que se realizaría se houberse vacante nalgún outro.
 - o Traslado de centro na seguinte convocatoria de prazas do SUR.
 - o Aboar a cota sen subvención dende a comisión da falta e ata a finalización do curso académico.
 - o Expulsión temporal e non outorgamento de praza en futuras convocatorias.

Como sanción accesoria poderá ser privado de recibir as honras e distincións recollidas no artigo 5 deste Regulamento.

- c. En caso de comisión de faltas moi graves
 - o Expulsión do SUR, sen dereito a reingreso en ningún centro e coa perda da fianza.

Artigo 25. Procedemento sancionador.

Cando a dirección do Colexio/Residencia teña coñecemento, de xeito directo ou mediante denuncia, sobre feitos ou omisións que puideran ser constitutivos de faltas leves, sen necesidade de instruír un procedemento disciplinario, poderá, logo de notificar ao/á residente ou colexial/a os feitos que se lle imputan e darlle trámite de audiencia, ditar resolución motivada coa imposición dalgunha das sancións previstas para estas faltas. A resolución de sanción por falta leve será notificada ao/á sancionado/a e remitirase copia á vicerreitoría.

Se os feitos dos que se ten coñecemento puideran ser constitutivos de faltas graves ou moi graves, estes serán comunicados á vicerreitoría que resolverá o inicio dun expediente disciplinario á persoa presuntamente implicada.

Artigo 26. Desenvolvemento do procedemento disciplinario para faltas graves e moi graves.

- a) A resolución do/a vicerreitor/a de apertura de expediente disciplinario fará descrición dos feitos e das posibles faltas en relación co/coa residente ou colexial/a presuntamente implicado/a, nomeará instrutor/a a un/unha director/a dun centro distinto ao que pertenza a persoa presuntamente implicada e, en aras a minimizar os danos que os feitos puideran causar ou asegurar a eficacia da resolución final, poderá adoptar medidas cautelares. A resolución de inicio de expediente será notificada á ou ás persoas implicadas e ao/á instrutor/a.
- b) O/A instrutor/a realizará cantas indagacións sexan precisas para o esclarecemento dos feitos en relación coa persoa ou persoas implicadas e rematará, logo de escoitar ao/á afectado/a e a todos os

que poidan dar testemuño, cunha proposta de resolución de: a) arquivo de actuacións ao considerar que non existen elementos suficientes que acrediten a comisión dunha falta, ou b) unha proposta de resolución na que, concretando os feitos e responsabilidades, determine o carácter da falta, grave ou moi grave e propoña unha sanción das recollidas no artigo 25 deste Regulamento.

- c) Recibida polo/a vicerreitor/a a proposta de resolución sancionadora, dará traslado da mesma ao/á residente ou colexial/a para que nun prazo non superior a 10 días formule cantas alegacións considere na súa defensa.
- d) A vista da proposta de sanción, das alegacións do/a residente ou colexial/a e oído o Consello de Residentes, o/a vicerreitor/a ditará resolución que poñerá fin ao procedemento, ben arquivando as actuacións ou ben resolvendo sancionar con algunha das sancións propostas polo/a instrutor/a, podendo ser minoradas.

A resolución sancionadora, ao ser ditada por delegación do reitor, esgota a vía administrativa e contra a mesma o/a interesado/a poderá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar dende que a resolución sancionadora lle sexa notificada.

Art. 27. Prescrición das faltas e das sancións

As faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses. O prazo de prescrición comezará a contarse dende o día que se cometeu a falta ou dende que se manifestaron os seus efectos.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribiran aos tres anos, por faltas graves aos dous anos e por faltas leves ao ano. A prescrición das sancións comezará coa firmeza da resolución sancionadora.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Queda derogada calquera norma que se opoña ou interfira co aquí establecido, especialmente, na súa integridade, o *Regulamento do Servizo Universitario de Residencias* aprobado pola Xunta de Goberno na sesión celebrada o 16 de xuño de 1998 e modificado polo Consello de Goberno do 17 de febreiro de 2005.

ENTRADA EN VIGOR

Logo da súa aprobación polo Consello de Goberno da USC, o presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico.

DILIXENCIA: para facer constar que o presente Regulamento se publicou no taboleiro electrónico o día 28 de setembro de 2015 e que entrou en vigor o día 29 de setembro de 2015.